

VER AS CORRECIÓNS E A CUALIFICACIÓN DUNHA TAREFA

Os pasos que tes que seguir para ver as correccións que fixo a profe na túa tarefa e ver a túa cualificación son os mesmos para as tarefas de realización en liña como para as tarefas de envío de ficheiros.

1. Vai ao o curso onde se atopa a tarefa da que queiras ver as correccións que fixo a profe e a túa cualificación.



No exemplo a tarefa é “Práctica Xournal”

2. Pica sobre o nome da tarefa da que queres ver as correccións e a cualificación.

Tras facelo amosarase a información sobre a tarefa en dous apartados.

No primeiro “Estado da entrega” amósase a información sobre a situación da tarefa.

Estado da entrega

Estado da entrega	Entregado para cualificacións
Estado das cualificacións	Cualificado
Data límite	Mércores, 14 de Outubro do 2020, 00:00
Tempo restante	2 días 6 horas
Última modificación	Domingo, 11 de Outubro do 2020, 17:27
Entregas de ficheiros	 Traballo Xournal.pdf
Comentarios do envío	 Comentarios (0)

VER AS CORRECIÓNS E CUALIFICACIÓN DUNHA TAREFA NO EDIXGAL

No segundo “Comentarios” amósase información sobre a cualificación en varios subapartados en:

- “Cualificación” móstrase a túa nota na tarefa separada por “/” da máxima nota coa que se pode cualificar a tarefa.
- “Comentarios” móstranse os comentarios que a profe fixo en relación a túa tarefa.

Comentarios

Cualificación	8,00 / 10,00
Cualificado o	Domingo, 11 de Outubro do 2020, 17:36
Cualificado por	 Loreto Brea González
Comentarios	Bo traballo

VER AS CORRECIÓNS E CUALIFICACIÓN DUNHA TAREFA NO EDIXGAL

VER AS CORRECIÓNS DUNHA TAREFA EN PDF

No caso de que a tarefa consistise en enviar un ficheiro en formato PDF, podes ver as correccións feitas pola profe directamente no PDF.

Os pasos a seguir son os mesmos que se indicaron anteriormente.

Verás que na parte inferior do apartado “Comentarios” hai un subapartado chamado “Facer anotacións en PDF”, debes picar sobre “Ver anotacións PDF...”.

Comentarios

Cualificación	8,00 / 10,00
Cualificado o	Domingo, 11 de Outubro do 2020, 17:36
Cualificado por	 Loreto Brea González
Comentarios	Bo traballo
Anotación PDF	 z_28106_0.pdf Ver anotacións PDF...

Tras facelo abrírase no visor de Facer anotacións en PDF a túa tarefa coas correccións feitas pola profe.

Se no documento amósase  debes situarte sobre o mesmo para ver as anotacións que fixo a profe.

VER AS CORRECIÓNS E CUALIFICACIÓN DUNHA TAREFA NO EDIXGAL

